



ASOCIACIÓN VIEIRO

## NA HORTA COS MEUS AMIG@S

Curso de prevención para alumnado de 3º e 4º de E. Primaria

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

Nos anos que abarca a educación primaria, o consumo de sustancias é en xeral pouco común. Pero ninguén descoñece que nesta etapa se van configurando determinados rasgos e comportamentos que conformarán o estilo de vida que os nenos e nenas terán e que poden determinar que este sexa saudable e polo tanto protector, ou, pola contra, que non sexa saudable e, en consecuencia, incrementa a súa vulnerabilidade fronte ao consumo de sustancias, o mal uso das novas tecnoloxías e outras condutas de risco.

Durante a etapa de educación primaria prodúcense cambios importantes no desenvolvemento evolutivo. O/a neno/a consolida a súa identidade, adquire conciencia das súas e limitacións e comeza a percibir cal é a súa situación no mundo e no medio social a través da súa adaptación escolar.

Por todo isto, e tendo en conta que a prevención debe realizarse cada vez dende idades máis temperás, a Asociación Vieiro dispón deste curso de prevención escolar co fin de favorecer o desenvolvemento psicoafectivo e social e potenciar os factores de protección de nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria.

## **2.- OBXECTIVO**

O obxectivo xeral do curso é contribuír á maduración psicoafectiva de nenos e nenas, mediante a adquisición de hábitos básicos de saúde e benestar e ao inicio dun traballo preventivo sobre o abuso de sustancias e o mal uso das novas tecnoloxías en etapas temperás.

## **3.- POBOACIÓN DESTINATARIA**

A poboación destinataria do curso é o alumnado de 3º e 4º de E. Primaria.



ASOCIACIÓN VIEIRO

#### **4.- METODOLOXÍA**

O curso está composto por unha serie de contos protagonizados por hortalizas, e que son proxectados para favorecer a lectura e o seguimento dos mesmos. Cada conto presenta un plan de traballo:

- Tema xeral do conto
- Obxectivos que persegue
- Pautas para guiar a discusión sobre as situacións que aparecen no relato
- Actividades: xogos e exercicios sobre o conto.

O xogo dramático é o principal recurso motivador que serve para conectar con nenos e nenas, despertando o interese e o gusto por esta actividade. Utilízase a actividade lúdica representando algunhas das historias e desenvólvense unha ampla gama de actividades e xogos encamiñados a afianzar as ideas e os conceptos fundamentais.

#### **5.- CONTIDOS**

O curso está composto por 8 sesións:

1. Presentación dos personaxes
2. O segredo da horta
3. A chegada de Cogomelo
4. Cenoria fai trampa
5. O problema de Cabaza
6. Cebola réndese
7. A derrota de Cogombro
8. A decisión de Cenoria



ASOCIACIÓN VIEIRO

A través destes contos protagonizados por hortalizas traballaranse aspectos como as mentiras, as burlas, a resolución de conflitos, a identificación e xestión de emocións, a presión de grupo, a discriminación, etc.

## **6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN**

Centros de Educación Primaria

## **7.- DURACIÓN**

8 sesións semanais de 50 minutos de duración.